



A LA MESA DEL CONGRESO

El diputado del BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG), Néstor Rego Candamil, adscrito al GRUPO PARLAMENTARIO MIXTO, al amparo de lo establecido en el artículo 185 y siguientes del Reglamento del Congreso, formula las siguientes preguntas dirigidas al Gobierno para su contestación por escrito relativas a la situación del apeadero de Folgueiro en la línea de FEVE en el Concello de Vicedo.

El apeadero de Folgueiro está situado en el término municipal de Vicedo en la red de vía estrecha, el antiguo FEVE, que une Ferrol y Oviedo. Si bien actualmente cuenta con servicios limitados, estas escasas conexiones suponen una ayuda importante para la movilidad de los vecinos y vecinas de Vicedo. Sin embargo, el estado de esta infraestructura es absolutamente lamentable, lo que hace casi imposible su uso.

En primer lugar, cabe destacar que el apeadero no cuenta con acceso asfaltado, por lo que debe utilizarse un camino de tierra estrecho y totalmente cubierto de barro. De esta forma, el uso de un vehículo resulta casi imposible, salvo que se trate de un todoterreno, con lo que los usuarios tienen que caminar entre charcos. La situación es especialmente difícil en invierno, cuando las lluvias aumentan y empapan la tierra de la carretera. El acceso también carece de iluminación, por lo que hay que caminar por un sendero a oscuras, algo habitual en los meses de invierno cuando las horas de luz se reducen.

Pero este no es el único obstáculo, ya que una vez que los usuarios salvan el camino de tierra, llegan a un arcén sobre una pronunciada pendiente que no cuenta con ninguna barrera o medida de protección por el lado del desnivel. Tan solo hay una valla de madera al lado de la vía del tren que, además, está totalmente deteriorada y le faltan partes porque los postes se han podrido. Asimismo, el camino en este tramo presenta grandes desniveles que lo hacen peligroso e intransitable para muchas personas.

El arcén conduce seguidamente al andén del apeadero, que también presenta en el firme numerosos baches, grietas y desniveles en el hormigón, que hacen imposible caminar con seguridad, con lo que se corre el riesgo de caer sobre la vía o por el desnivel trasero, que



carece de protección y está repleto de malas hierbas y zarzas, que también requeriría una limpieza.

En definitiva, el apeadero es una infraestructura importante para los vecinos y vecinas de Vicedo, pero es necesario mejorar el acceso, comenzando por el asfaltado y la mejora del firme y de su iluminación, y por la reparación del arcén y del andén, para garantizar una circulación segura y permitir asimismo el acceso de personas con movilidad reducida, sillas de ruedas o carritos de bebé o de la compra. También se requiere restaurar e incrementar las medidas de seguridad y limpieza del entorno.

Evidentemente, junto al mantenimiento de las infraestructuras, también es necesario mejorar las frecuencias y la calidad de los servicios ferroviarios que se prestan en Vicedo y el resto de municipios de A Mariña, con el fin de fomentar realmente el uso del transporte ferroviario, que puede convertirse en una alternativa para la movilidad diaria.

Por los motivos expuestos, el BNG formula por escrito las siguientes preguntas al Gobierno:

1. ¿Tienen conocimiento el Ministerio de Transportes y Movilidad Sostenible y ADIF del actual estado de deterioro del apeadero de Folgoso en el término municipal de Vicedo?
2. ¿Cómo se puede permitir que el acceso al andén tenga que ser necesariamente por un camino de tierra y barro, sobre todo en invierno y sin iluminación? ¿Tiene ADIF previsto mejorar y pavimentar el acceso para facilitar la presencia de vehículos en las proximidades del andén y la circulación peatonal segura? ¿Han recibido alguna petición por parte del Concello de Vicedo al respecto?
3. ¿Tienen previstas actuaciones para reparar y mejorar la seguridad del arcén y del andén? ¿Conocen el estado actual de la valla de protección de madera, de la que faltan partes y las que quedan están completamente podridas?
4. ¿Están de acuerdo en que también es necesario implantar una valla de protección en la parte desnivelada para evitar posibles caídas accidentales?
5. ¿ADIF se hará cargo de la reparación del andén y marquesina, que presentan un firme totalmente deteriorado y lleno de baches y grietas que impiden el tránsito y acceso seguro a personas con problemas de movilidad?
6. ¿En caso de que tengan previstas acciones, en qué consistirán y cuándo comenzarían?
7. ¿Van a acometer un plan integral de mejora de las infraestructuras, el material



CONGRESO DE
LOS DIPUTADOS



rodante, el personal, los servicios ferroviarios y las frecuencias que mejore el transporte ferroviario en la región y fomente su uso?

Madrid, 16 de mayo de 2025

Néstor Rego Candamil

Diputado del BNG en el Congreso



CONGRESO DE LOS DIPUTADOS
SECRETARÍA GENERAL
REGISTRO GENERAL

16 MAY. 2025 20:48:06

Entrada **68925**

Sobre a necesidade urxente de reparación e mellora do apeadeiro de Folgueiro no Vicedo

Competencia
Tipo Expediente

Otros Expedientes
300-Escrito en lengua
española distinta del
castellano, oficial en
Comunidad Autónoma (art.
92.1)

Fdo.: Néstor REGO CANDAMIL
Diputado



Á MESA DO CONGRESO

O deputado do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, Néstor Rego Candamil, adscrito ao GRUPO PARLAMENTAR MIXTO, ao abeiro do establecido no artigo 185 e seguintes do Regulamento do Congreso, formula as seguintes **preguntas dirixidas ao Goberno para a súa resposta escrita relativas a situación do apeadeiro de Folgueiro na liña de FEVE no Concello do Vicedo.**

O apeadeiro de Folgueiro sitúase no municipio do Vicedo na rede de vía estreita, a antiga FEVE, que conecta Ferrol e Oviedo. Aínda que neste momento conta con servizos limitados, estas poucas conexións, son unha axuda importante para a mobilidade dos veciños e veciñas do Vicedo. Porén, o estado esta infraestrutura é absolutamente lamentábel que fan que o seu uso sexa case imposíbel.

En primeiro lugar, cabe destacar que o apeadeiro non ten un acceso asfaltado, debendo utilizar un camiño de terra completamente enlameado e estreito. Así o tránsito é case imposíbel nun vehículo, salvo que sexa un todo terreo, obrigando ás persoas usuarias a facer un percorrido a pé entre poceiras. A situación é especialmente dificultosa no inverno cando as precipitacións aumentan e enchoupan a terra do camiño. O acceso carece ademais de iluminación polo que debe camiñarse por unha lameira na escuridade, o que resulta habitual nos meses invernais cando se reducen as horas de luz.

Mais este non é o único obstáculo, pois unha vez que as e os usuarios salvan o camiño de terra chegan a unha beiravía sobre unha pronunciada pendente que non conta con ningunha barreira ou medida de protección polo lado do desnivel. Só unha cerca de madeira pola lado do camiño de ferro que, ademais, está en completamente deteriorada e da que faltan partes por teren apodrecido os



postes. Así mesmo, o firme neste tramo conta con grandes desniveis que convérteno en perigoso e intransitábel para moitas persoas.

A continuación, a beiravía desemboca na plataforma do apeadeiro que tamén ten o seu firme con numerosas fochancas, fendas e desniveis no formigón, que tamén fan imposíbel camiñar con seguranza, correndo o risco de caer á vía ou polos desnivel traseiro sen protección e cheo de maleza e silvas, que tamén precisaría dunha limpeza.

En definitiva, o apeadeiro é unha infraestrutura importante para os veciños e veciñas do Vicedo, pero precisa dunha mellora no seu acceso, a comezar polo asfaltado e mellora do firme do camiño e a súa iluminación, e coa reparación da beiravía e plataforma, para asegurar un tránsito seguro e permitir tamén o acceso de persoas con mobilidade reducida, cadeiras de rodas ou carros de bebé ou da compra. Así mesmo, é necesario repórter e incrementar as medidas de seguridade e limpeza do entorno.

Evidentemente é preciso tamén, xunto co mantemento das infraestruturas, mellorar as frecuencias e calidade dos servizos ferroviarios que se prestan no Vicedo e no resto de concellos da Mariña, para así realmente promover o uso do transporte ferroviario que pode converterse nunha alternativa para a mobilidade diaria.

Polos motivos expostos, o BNG formula as seguintes preguntas escritas dirixidas ao Goberno:

1. Ten coñecemento o Ministerio de Transportes e Mobilidade Sustentábel e o ADIF do actual estado de deterioro do apeadeiro de Folgueiro no Concello do Vicedo?
2. Como pode permitirse que o acceso até a plataforma teña que facerse necesariamente por un camiño de terra e lama, especialmente no inverno e sen iluminación? Ten previsto ADIF a mellora e pavimentación do acceso para facilitar o acceso en vehículos até a proximidade da plataforma e un tránsito seguro a pé? Ten recibido algunha petición por parte do Concello do Vicedo neste sentido?



3. Ten previstas actuacións para a reparación e mellora da seguranza da beiravía e plataforma? Coñece o actual estado da cerca de protección de madeira en que faltan partes e as que quedan están completamente apodrecidas?
4. Comparte que é preciso incorporar tamén un valado de protección pola parte do desnivel para impedir posíbeis caídas accidentais?
5. Acometerá ADIF a reparación da plataforma e marquesiña cun firme completamente deteriorado e cheo de fochancas e fendas que impiden un tránsito seguro e o acceso de persoas con problemas de mobilidade?
6. De ter prevista algunha actuación, en que van a consistir e cando darán comezo?
7. Acometerá un plan de mellora integral de infraestruturas, material rodante, persoal, servizos ferroviarios e frecuencias que melloren o transporte por tren na comarca e promova o seu uso?

Madrid, a 16 de maio de 2025

Néstor Rego Candamil

Deputado do BNG no Congreso